

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Valores Éticos - 2ºESO

C.P.I. Plurilingüe de Vedra

Curso 2022/23

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN (pág. 1)
2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE (pág. 2)
3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS / 2ºESO (pág. 5)
4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE (pág. 7)
5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS (pág. 12)
6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS (pág. 13)
7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN (pág. 13)
8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE (pág. 15)
9. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES (pág. 15)
10. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL (pág. 15)
11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (pág. 16)
12. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS (pág. 16)
13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES (pág. 20)
14. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN. (pág.21)

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

A Programación Didáctica Valores Éticos para o Primeiro, Segundo, Terceiro e Cuarto Curso da Educación Secundaria Obrigatoria está fundamentado no establecido no Real Decreto 126/2014 do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, de 28 de febreiro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria, e no Decreto 86/2015, da Consellería de Educación de Galicia pola que se establece o Currículo de Educación Secundaria Obrigatoria para esta Comunidade.

La materia de Valores éticos, “materia afin” para Rafaela Gómez-Casero Herrera, do Departamento de Educación Plástica e Audiovisual, se imparte en: dos grupos de 2ºEso .

2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Identificáronse un grupo de sete competencias, que, polo seu rol vertebrador, se denominaron como Competencias Clave:

- Competencia lingüística

A competencia en comunicación lingüística é o resultado da acción comunicativa nun contexto social e cultural determinado.

É unha competencia complexa que inclúe tanto aspectos propiamente lingüísticos como sociais, culturais e prácticos.

O seu desenvolvemento artéllase arredor de cinco compoñentes relacionados cos seus ámbitos de aplicación ou dimensións:

- O **compoñente lingüístico** céntrase, principalmente, nas dimensións léxica, gramatical, semántica, fonolóxica, ortográfica e ortoépica.
- O **compoñente pragmático-discursivo** contempla as dimensións relacionadas coa aplicación da linguaxe e os discursos en contextos comunicativos concretos.
- O **compoñente sociocultural** inclúe as dimensións centradas no coñecemento do mundo e a dimensión intercultural.
- O **compoñente estratéxico** céntrase no desenvolvemento de destrezas e estratexias comunicativas para a lectura, a escritura, a fala, a escoita e a conversación.
- O **compoñente persoal** potencia a actitude, a motivación e os trazos da personalidade a través da interacción comunicativa.

- Competencia plurilingüe

E o mesmo que no apartado anterior, pero centrándose no tercer punto.

- Competencia matemática e en ciencia, tecnoloxía e inxeniería

a) A competencia matemática.

A competencia matemática implica a capacidade de aplicar o razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto. Esta competencia require de coñecementos sobre:

- Os números, as medidas e as estruturas.
- As operacións e as representacións matemáticas.
- A comprensión dos termos e conceptos matemáticos.

A competencia matemática supón, ao mesmo tempo, o desenvolvemento dunha serie de destrezas que se centran en:

- A aplicación das ferramentas e coñecementos matemáticos a distintos contextos persoais, sociais, profesionais ou científicos.
- A realización de xuízos fundados e de cadeas argumentais na realización de cálculos.
- A análise de gráficos e representacións matemáticas e a manipulación de expresións alxébricas.

Estes coñecementos e destrezas artéllanse en catro áreas interrelacionadas entre si e relativas aos números, á álgebra, á xeometría e á estatística:

- A cantidade céntrase na cuantificación dos atributos dos obxectos, as relacións, as situacións e as entidades do mundo.

- O espazo e a forma inclúen fenómenos da nosa redonda visual e física como propiedades e posicións de obxectos ou decodificación de información visual.
- O cambio e as relacións céntrase nas relacións entre os obxectos e as circunstancias nas que ditos obxectos se interrelacionan.
- A incerteza e os datos son un elemento central da análise matemática presente en distintos momentos do proceso de resolución de problemas.

b) As competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

As competencias básicas en ciencia e tecnoloxía proporcionan un achegamento ao mundo físico favorecendo:

- A interacción responsable co medio natural a través de accións que favorezan a conservación do medio natural.
- O desenvolvemento do pensamento científico coa aplicación dos métodos propios da racionalidade científica e as destrezas tecnolóxicas.

Os ámbitos que deben abordarse para a adquisición das competencias en ciencias e tecnoloxía son:

- Sistemas físicos, que están asociados ao comportamento das substancias no ámbito fisicoquímico.
- Sistemas biolóxicos propios dos seres vivos dotados dunha complexidade orgánica que é preciso coñecer para preservalos e evitar o seu deterioro.
- Sistemas da Terra e do Espazo desde a perspectiva xeolóxica e cosmogónica, centrada na orixe do Universo e da Terra.
- Sistemas tecnolóxicos derivados, basicamente, da aplicación dos saberes científicos aos usos cotiáns de instrumentos, máquinas e ferramentas.

- Competencia dixital

A competencia dixital implica o uso creativo, crítico e seguro das tecnoloxías da información e da comunicación para favorecer o seu uso na redonda laboral, potenciar a aprendizaxe, xestionar o tempo libre e contribuír á participación na sociedade.

Para alcanzar estes fins, o desenvolvemento da competencia artéllase arredor dos seguintes ámbitos:

- A información, particularmente a xestión da información, o coñecemento dos soportes a través dos cales se difunde e o uso de motores de procura.
- A comunicación, desenvolvendo o coñecemento dos medios de comunicación dixital e a utilización de paquetes de software de comunicación
- A creación de contido, centrándose no uso de diversos formatos (texto, audio, vídeo, imaxes) e programas/aplicacións para crear contidos.
- A seguridade, que implica coñecer os riscos asociados ao uso das tecnoloxías ou de recursos online e as estratexias ou actitudes adecuadas para evitalos
- A resolución de problemas, centrada no uso de dispositivos dixitais para resolver problemas e a identificación de fontes para buscar axuda teórica ou práctica.

- Persoal, social y aprender a aprender

a) A Persoal:

A finalidade da Educación Secundaria Obrigatoria consiste en lograr que os alumnos e alumnas aduqiran os elementos básicos da cultura, especialmente nos seus aspectos humanístico, artístico, científico-tecnolóxico e motor; desenvolver e consolidar os hábitos de estudo e de traballo, así como hábitos de vida saudables, preparándoos para a súa incorporación a estudos posteriores e para a súa inserción laboral; e formalos para o exercicio dos seus dereitos e obrigacións da vida como cidadáns e cidadás.

b) A social:

A competencia social relaciónase co benestar persoal e colectivo en relación á saúde, tanto física como mental, e ao estilo de vida saudable que a favorece.

Esta competencia está estreitamente ligada ás redondas sociais inmediatas do alumnado e artéllase a través de:

- Os coñecementos que permitan comprender e analizar de forma crítica os códigos de conduta e os usos de distintas sociedades e redondas.
- A comprensión de conceptos básicos relativos ao individuo, ao grupo, á organización do traballo, á igualdade e á non discriminación.
- O recoñecemento das dimensións intercultural e socioeconómica das sociedades europeas.

c) Aprender a aprender:

A competencia aprender a aprender caracterízase pola habilidade para iniciar, organizar persistir na aprendizaxe.

É unha competencia fundamental para facilitar a aprendizaxe ao longo da vida e artículase arredor de:

- A capacidade para motivarse a aprender, que depende da curiosidade e da conciencia da necesidade de aprender do alumnado.
- A organización e xestión da aprendizaxe, que require coñecer e controlar os propios procesos de aprendizaxe na realización das tarefas de aprendizaxe.

Ao mesmo tempo, a organización e xestión da aprendizaxe desenvólvese a través de dous aspectos clave da competencia para aprender a aprender:

- A comprensión de procesos mentais implicados na aprendizaxe: que se sabe ou descoñece e o coñecemento de disciplinas e estratexias para realizar unha tarefa.
- A adquisición de destrezas de autorregulación e control fundamentados no desenvolvemento de estratexias de planificación, revisión e avaliación.

- A competencia cidadá

Baséase no coñecemento dos conceptos de democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e dereitos civís. Este coñecemento supón á súa vez:

- A comprensión de como se formulan ditos conceptos na Constitución, na Carta dos Dereitos Fundamentais da UE e outras declaracións internacionais.
- A aplicación de ditos conceptos en diversas institucións de ámbito local, rexional, nacional, europeo e internacional.
- A identificación dos acontecementos contemporáneos máis destacados e a comprensión de procesos sociais e culturais da sociedade actual.

A competencia cívica supón, ao mesmo tempo, o desenvolvemento dunha serie de destrezas que se centran en:

- A habilidade para interactuar eficazmente no ámbito público e para manifestar solidariedade e interese por resolver os problemas que lle afecten á comunidade.
- A reflexión crítica e creativa e a participación construtiva nas actividades da comunidade ou do ámbito mediato e inmediato.
- A toma de decisións nos contextos local, nacional ou europeo e, en particular, mediante o exercicio do voto e da actividade social e cívica.

- Emprendedora

A competencia sentido de iniciativa e espírito emprendedor implica a capacidade de transformar as ideas en actos, para o que se require:

- Adquirir conciencia da situación que se quere intervir ou resolver.

- Planificar e xestionar os coñecementos, destrezas ou habilidades e actitudes necesarios con criterio propio, coa fin de alcanzar o obxectivo previsto.

Estes fins acádanse na competencia sentido de iniciativa e espírito emprendedor a través dos seguintes ámbitos:

- A capacidade creadora e de innovación centrada no desenvolvemento da creatividade, o autoconhecimento, a autonomía, o esforzo e a iniciativa.
- A capacidade pro-activa para xestionar proxectos que implica destrezas como a planificación, a xestión e toma de decisións ou a resolución de problemas.
- A capacidade para xestionar o risco e manexar a incerteza en diferentes contextos e situacións.
- As calidades de liderado e de traballo, tanto individual como formando parte ou liderando un equipo.
- O sentido crítico e da responsabilidade, en especial no que á asunción das propias responsabilidades se refire.

- Conciencia e expresións culturais

A competencia en conciencia e expresións culturais articúlase arredor dos seguintes aspectos:

- Coñecer as manifestacións culturais e artísticas valorándoas como unha fonte de enriquecemento persoal e como parte do patrimonio dos pobos.
- Desenvolver a propia capacidade estética e creadora vinculada ao dominio das capacidades relacionadas con distintos códigos artísticos e culturais.

Estes aspectos da competencia en conciencia e expresións culturais desenvólvese ao mesmo tempo a través de:

- O coñecemento de xéneros, estilos, técnicas e linguaxes artística.,
- O desenvolvemento da capacidade e interese por expresarse e comunicar ideas.
- A potenciación da iniciativa, a creatividade e a imaxinación.
- O interese polas obras artísticas e a participación na vida cultural da redonda.
- A capacidade de esforzo e a disciplina necesarias para a produción artística.

3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS / 2ºESO

Tema 1. En busca da miña identidade

- Coñecer as características da etapa da adolescencia, os cambios que se producen durante este período e os obxectivos que debemos lograr durante esta etapa.
- Estudar a influencia que exerce o grupo sobre o individuo, os aspectos positivos e negativos desta influencia, os elementos que comparten os membros dun mesmo grupo e a especial influencia do grupo durante a adolescencia.
- Explicar o proceso de construción da nosa personalidade a partir do temperamento biolóxico, o ambiente sociocultural e o carácter.
- Describir como forxar un bo carácter a partir dos nosos hábitos, actos e decisións.
- Explicar o concepto de virtude en Aristóteles como un hábito que nos move a actuar ben e que consiste no termo medio entre dous extremos.
- Identificar as habilidades emocionais e apreciar a súa importancia para lograr os nosos obxectivos e poder adaptarnos máis facilmente a cada situación.
- Identificar as habilidades sociais e apreciar a súa importancia para mellorar as nosas relacións cos demais.
- Explicar en que consiste a intelixencia emocional.
- Practicar as habilidades sociais para mellorar as nosas relacións cos demais.
- Reflexionar sobre a importancia do autoconhecimento e desenvolver esta práctica.

Tema 2. Crecer como persoas

- Explicar as características do proceso de socialización e como se desenvolve.
- Saber identificar os axentes que interveñen no proceso de socialización: os axentes de socialización primaria e os de socialización secundaria.
- Recoñecer a importancia do respecto á dignidade humana.

- Identificar as actitudes que atentan contra a dignidade humana, recoñecendo o dereito a ser diferente.
- Definir a asertividade e saber identificar os tres tipos de conduta: asertiva, agresiva e pasiva.
- Ser capaz de levar a cabo unha conduta asertiva ante unha situación que formula un conflito a través de diálogos e exercicios colectivos.
- Coñecer as habilidades sociais e valorar a súa importancia para mellorar as relacións coas persoas que nos rodean e para que nos sintamos máis felices, fomentando a incorporación destas prácticas na nosa rutina diaria.
- Reflexionar sobre a importancia de saber escoitar, poñendo en práctica esta habilidade nos debates e exercicios en equipo.
- Desenvolver a capacidade para relacionarse cos seus compañeiros e compañeiras de forma satisfactoria nos traballos en grupo.

Tema 3. Da moral á ética

- Identificar as características que diferencian a conduta dos animais e a conduta do ser humano.
- Aprender a valorar a liberdade que posuímos e a exercitar a responsabilidade e a autonomía para facer un bo uso da nosa capacidade de elixir.
- Explicar a diferenciación entre as normas morais e as normas legais segundo quen as impón e que sucede se non as cumprimos.
- Comprender a evolución do desenvolvemento da conciencia moral desde a nenez ata a idade adulta.
- Expor as características do desenvolvemento da conciencia moral segundo a teoría de Piaget e a de Kohlberg.
- Coñecer a orixe da moral segundo o relativismo e o obxectivismo moral e saber diferenciar estas dúas teorías.
- Expor o punto de vista sobre o intelectualismo moral socrático.
- Avaliar o nivel de desenvolvemento moral segundo a escala de Kohlberg na realización dunha reflexión sobre un dilema moral.
- Estudar as características da teoría ética de Aristóteles, identificando o seu obxectivo e valorando a sensatez coa que nos debemos comportar segundo esta ética.
- Desenvolver a capacidade de reflexión sobre a necesidade da ética e a importancia de conciencia moral nas nosas vidas.

Tema 4. A democracia como estilo de vida

- Expor o significado do Estado de dereito, baseado no imperio da lei, a división de poder e a protección dos dereitos.
- Coñecer a división de poderes de Montesquieu e a súa orixe: o poder lexislativo, o poder executivo e o poder xudicial.
- Entender a importancia da participación na democracia e as distintas formas de participación posibles.
- Fomentar o sentido da iniciativa en asuntos democráticos e implicarse nos exercicios, actividades e traballos en grupo propondo solucións e suxestións.
- Comprender os riscos da democracia: a ditadura da maioría, a demagogia e o desinterese polos asuntos públicos.
- Identificar os riscos da democracia nunha situación a partir dunha lectura con valores.
- Amosar interese e iniciativa na realización dun debate sobre o investimento que debería facer o Estado en infraestruturas.
- Desenvolver a capacidade de argumentación para expor se todas as ideas teñen cabida nunha democracia.
- Coñecer os dereitos fundamentais na Constitución e a súa clasificación: dereitos civís, dereitos políticos e dereitos sociais.

Tema 5. Os dereitos humanos

- Coñecer as características dos dereitos humanos, remarcando que os dereitos son universais, inalienables e imprescindibles.
- Fomentar a concienciación de que todas as persoas teñen os mesmos dereitos.
- Explicar a orixe dos dereitos humanos segundo distintas teorías: o convencionalismo, o relativismo e o iusnaturalismo de John Locke.
- Adoptar unha actitude obxectiva ao reflexionar sobre as críticas ao iusnaturalismo.
- Desenvolver a capacidade argumentativa na realización dun debate sobre as posturas enfrontadas que explican a orixe dos dereitos.
- Fomentar a práctica do razoamento moral nun exercicio que formula unha situación solidaria.
- Analizar as dúas clasificacións dos dereitos humanos, segundo os valores que protexen e segundo o momento no que foron recoñecidos polas leis.
- Coñecer a discriminación que sofren as mulleres por razón de sexo e realizar unha campaña contra a discriminación da muller e a violencia de xénero.
- Reflexionar sobre a necesidade de protexer os dereitos da infancia.

Tema 6. Os retos da ciencia

- Comprender a necesidade dunha dimensión moral no ámbito da ciencia e da técnica.
- Entender a investigación científica e tecnolóxica como un medio para mellorar a vida das persoas e non como un fin en si mesmo.
- Reflexionar sobre a importancia de establecer límites no desenvolvemento da ciencia e da técnica.
- Desenvolver o sentido da iniciativa a partir do desafío dos dilemas morais a partir dos principios da ética médica.
- Ser consciente dos problemas morais que presenta a clonación e a euxenesia, expresando a súa opinión.
- Explicar os principais retos morais da medicina e da biotecnoloxía.
- Identificar as prácticas científicas e tecnolóxicas que non respectan os dereitos humanos ni a dignidade das persoas.
- Desenvolver a capacidade argumentativa nun debate sobre a reprodución asistida e a utilización de células nai.
- Expor o punto de vista propio en debates e exercicios.

4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE

Valores éticos. 2º de ESO				
Temporalización	Mínimos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. A dignidade da persoa				
	Sabe definir o concepto de “persoa” e os condicionantes na súa construción	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Construír un concepto de persoa, valorando a dignidade que posúe polo feito de ser libre. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VEB1.1.1. Sinala as dificultades para definir o concepto de persoa, analizando algunhas definicións achegadas por filósofos/as. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
	Entiende a idea de “heteronomía” e “autonomía moral”	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Identificar os conceptos de heteronomía e autonomía, mediante a concepción kantiana da persoa, coa finalidade de valorar a súa importancia e aplicala na realización da vida moral. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VEB1.2.1. Explica a concepción kantiana do concepto de persoa, como suxeito autónomo capaz de ditar as súas propias normas morais. ▪ VEB1.2.2. Comenta e valora a idea de Kant ao concibir a persoa como un fin en si mesma, rexeitando a posibilidade de ser tratada por outros como instrumento 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSC

Valores éticos. 2º de ESO				
Temporalización	Mínimos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			para alcanzar fins alleos a ela.	
	Sabe relacionar o concepto de "virtud" en Aristóteles co desenvolvemento do carácter	<ul style="list-style-type: none"> B1.3. Entender a relación entre os actos, os hábitos e o desenvolvemento do carácter, mediante a comprensión do concepto de virtude en Aristóteles e, en especial, o relativo ás virtudes éticas, pola importancia que teñen no desenvolvemento da personalidade. 	<ul style="list-style-type: none"> VEB1.3.1. Sinala en que consiste a virtude e as súas características en Aristóteles, indicando a súa relación cos actos, os hábitos e o carácter. VEB1.3.2. Enumera algúns dos beneficios que, segundo Aristóteles, achegan as virtudes éticas ao ser humano, identifica algunhas destas e ordénaas segundo un criterio racional. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CAA CCL CSC
Bloque 2. A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais				
	Identifica os límites da liberdade persoal e social, e o que as regula.	<ul style="list-style-type: none"> B2.1. Distinguir, na persoa, os ámbitos da vida privada e da vida pública, a primeira regulada pola ética e a segunda polo dereito, coa finalidade de identificar os límites da liberdade persoal e social. 	<ul style="list-style-type: none"> VEB2.1.1. Distingue entre os ámbitos de acción que corresponden á ética e ao dereito, e expón as súas conclusións mediante unha presentación elaborada con medios informática. VEB2.1.2. Reflexiona arredor do problema da relación entre estes dous campos, o privado e o público, e a posibilidade de que exista un conflito de valores éticos entre ambos, así como a forma de atopar unha solución baseada nos valores éticos, exemplificando de maneira concreta tales casos, e expón as súas posibles solucións fundamentadas eticamente. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CD CCL CSC CSIEE
Bloque 3. A reflexión ética				
	Distingue entre ética e moral	<ul style="list-style-type: none"> B3.1. Distinguir entre ética e moral, sinalando as semellanzas e as diferenzas entre elas, e estimando a importancia da reflexión ética como un saber práctico necesario para guiar de xeito racional a conduta do ser humano á súa plena realización. 	<ul style="list-style-type: none"> VEB3.1.1. Recoñece as diferenzas entre a ética e a moral, no que se refire á súa orixe e á súa finalidade. VEB3.1.2. Achega razóns que xustifiquen a importancia da reflexión ética, como unha guía racional de conduta necesaria na vida do ser humano, expresando de forma apropiada os argumentos en que se fundamenta. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CSC
	Coñece o desenvolvemento histórico e coñecemento de distintas morais e éticas.	<ul style="list-style-type: none"> B3.2. Destacar o significado e a importancia da natureza moral do ser humano, analizando as súas etapas de desenvolvemento e tomando conciencia da necesidade que ten de normas éticas, libre e racionalmente asumidas, como guía do seu comportamento. 	<ul style="list-style-type: none"> VEB3.2.1. Sinala en que consiste a estrutura moral da persoa como ser racional e libre, razón pola que esta é responsable da súa conduta e das consecuencias desta. VEB3.2.2. Explica as tres etapas do desenvolvemento moral na persoa, segundo a teoría de Piaget ou a de Kohlberg, e as características propias de cada unha, destacando como se pasa da heteronomía á autonomía moral. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CCL CSC
	Entende que a liberdade constitúe a raíz da estrutura moral.	<ul style="list-style-type: none"> B3.3. Recoñecer que a liberdade constitúe a raíz da estrutura moral na persoa, e apreciar o papel da intelixencia e da vontade como factores que incrementan a 	<ul style="list-style-type: none"> VEB3.3.1. Describe a relación entre a liberdade e os conceptos de persoa e estrutura moral. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL

Valores éticos. 2º de ESO				
Temporalización	Mínimos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		capacidade de autodeterminación.		
	Entende e comparte a existencia dos valores éticos universais.	<ul style="list-style-type: none"> B3.4. Resaltar a importancia dos valores éticos, as súas especificacións e a súa influencia na vida persoal e social do ser humano, destacando a necesidade de ser recoñecidos e respectados por todos. 	<ul style="list-style-type: none"> VEB3.4.1. Describe as características distintivas dos valores éticos, utilizando exemplos concretos deles e apreciando a súa relación esencial coa dignidade humana e a conformación dunha personalidade xusta e satisfactoria. VEB3.4.2. Emprega o espírito emprendedor para realizar, en grupo, unha campaña destinada a difundir a importancia de respectar os valores éticos, tanto na vida persoal como na social. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSC CSIEE
	Aprecia a importancia das normas éticas, estudando algúns debates filosóficos de relevancia histórica.	<ul style="list-style-type: none"> B3.5. Establecer o concepto de normas éticas e apreciar a súa importancia, identificando as súas características e a natureza da súa orixe e validez, mediante o coñecemento do debate ético que existiu entre Sócrates e os sofistas. 	<ul style="list-style-type: none"> VEB3.5.1. Define o concepto de norma e de norma ética, distinguíndoa das normas xurídicas, relixiosas, etc. VEB3.5.2. Sinala quen foron os sofistas e algúns dos feitos e das razóns en que se fundamentaba a súa teoría relativista da moral, destacando as consecuencias que esta ten na vida das persoas. VEB3.5.3. Coñece os motivos que levaron a Sócrates a afirmar o "intelectualismo moral", e explica en que consiste e a postura de Platón ao respecto. VEB3.5.4. Compara o relativismo e o obxectivismo moral apreciando a vixencia destas teorías éticas na actualidade, e expresa opinións de forma argumentada. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CCEC CCEC CCL CSC
	Sabe clasificar e explicar as distintas teorías éticas	<ul style="list-style-type: none"> B3.6. Explicar as características e os obxectivos das teorías éticas, así como a súa clasificación en éticas de fins e procedementais, sinalando os principios máis destacados do hedonismo de Epicuro. 	<ul style="list-style-type: none"> VEB3.6.1. Enuncia os elementos distintivos das "teorías éticas" e argumenta a súa clasificación en éticas de fins e éticas procedementais, e elabora un esquema coas súas características máis destacadas. VEB3.6.2. Enuncia os aspectos fundamentais da teoría hedonista de Epicuro e os valores éticos que defende, destacando as características que a identifican como unha ética de fins. VEB3.6.3. Elabora, en colaboración co grupo, argumentos a favor e/ou en contra do epicureísmo, e expón as súas conclusións cos argumentos racionais correspondentes. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CCL CCEC CAA CCL
	Entender os principios do eudemonismo, vinculados á unha proposta Aristotélica na que felicidade como ben supremo	<ul style="list-style-type: none"> B3.7. Entender os principais aspectos do eudemonismo aristotélico, identificándoo como unha ética de fins e valorando a súa importancia e a vixencia actuais. 	<ul style="list-style-type: none"> VEB3.7.1. Explica o significado do termo "eudemonismo" e o que para Aristóteles significa a felicidade como ben supremo, e elabora e expresa conclusións. VEB3.7.2. Distingue os tres tipos de tendencias que hai no ser humano, 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CCEC

Valores éticos. 2º de ESO				
Temporalización	Mínimos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			segundo Aristóteles, e a súa relación co que el considera como ben supremo da persoa.	
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ VEB3.7.3. Achega razóns para clasificar o eudemonismo de Aristóteles dentro da categoría da ética de fins. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
	Sabe relacionar o utilitarismo co hedonismo.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.8. Comprender os elementos máis significativos da ética utilitarista e a súa relación co hedonismo de Epicuro, clasificándoa como unha ética de fins e elaborando argumentos que apoiem a súa valoración persoal arredor desta formulación ética. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VEB3.8.1. Fai unha recensión das ideas fundamentais da ética utilitarista: o principio de utilidade, o concepto de pracer, a compatibilidade do egoísmo individual co altruísmo universal e a localización do valor moral nas consecuencias da acción, entre outras. ▪ VEB3.8.2. Enumera as características que fan do utilitarismo e do epicureísmo unhas éticas de fins. ▪ VEB3.8.3. Argumenta racionalmente as súas opinións sobre a ética utilitarista. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CSIEE
Bloque 4. A xustiza e a política				
	Entende o vínculo entre Aristóteles e os conceptos de ética, política e xustiza.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Comprender e valorar a importancia da relación entre os conceptos de ética, política e xustiza, mediante a análise e a definición destes termos, destacando o vínculo entre eles no pensamento de Aristóteles. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VEB4.1.1. Explica e aprecia as razóns que dá Aristóteles para establecer un vínculo necesario entre ética, política e xustiza. ▪ VEB4.1.2. Utiliza e selecciona información sobre os valores éticos e cívicos, identificando e apreciando as semellanzas, as diferenzas e as relacións entre eles. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA
	Relacionar a política de Aristóteles coa xusticia e a felicidade.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Coñecer e apreciar a política de Aristóteles e as súas características esenciais, e entender o seu concepto de xustiza e a súa relación co ben común e a felicidade, elaborando un xuízo crítico sobre a perspectiva deste filósofo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VEB4.2.1. Elabora, recorrendo á súa iniciativa persoal, unha presentación con soporte informático, sobre a política aristotélica como unha teoría organicista, cunha finalidade ética e que atribúe a función educativa ao Estado. ▪ VEB4.2.2. Selecciona e usa información, en colaboración co grupo, para entender e apreciar a importancia que Aristóteles lle dá á xustiza como valor ético no que se fundamenta a lexitimidade do Estado e a súa relación coa felicidade e o ben común, e expón as súas conclusións persoais debidamente fundamentadas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CD ▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL
Bloque 5. Os valores éticos, o dereito, a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH) e outros tratados internacionais sobre dereitos humanos				
	Sabe qué é: ética, dereito e xustiza.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Sinalar a vinculación entre a ética, o dereito e a xustiza, a través do coñecemento das súas semellanzas, diferenzas e relacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VEB5.1.1. Procura e selecciona información en páxinas web, para identificar as diferenzas, as semellanzas e os vínculos entre a ética e o dereito. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD
Bloque 6. Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía				
	Coñece aspectos da realidade tecnolóxica e emite xuízos propios	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.1. Recoñecer a importancia da dimensión moral da ciencia e a 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VEB6.1.1. Utiliza información de distintas fontes para analizar a 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT

Valores éticos. 2º de ESO				
Temporalización	Mínimos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	acerca da súa dimensión moral e ética	tecnoloxía, así como a necesidade de establecer límites éticos e xurídicos, coa finalidade de orientar a súa actividade consonte os valores defendidos pola DUDH.	<p>dimensión moral da ciencia e a tecnoloxía, avaliando o impacto positivo e negativo que estas poden ter en todos os ámbitos da vida humana (social, económico, político, ético e ecolóxico, etc.).</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ VEB6.1.2. Achega argumentos que fundamenten a necesidade de pór límites éticos e xurídicos á investigación práctica, tanto científica como tecnolóxica, tomando a dignidade humana e os valores éticos recoñecidos na DUDH como criterio normativo. ▪ VEB6.1.3. Recorre á súa iniciativa persoal para expor as súas conclusións sobre o tema tratado, utilizando medios informáticos e audiovisuais, de xeito argumentado e ordenado racionalmente. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CD ▪ CSIEE
	Recoñece o problema actual da tecnodependencia e analiza a súa propia implicación coas redes.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.2. Entender e valorar o problema da tecnodependencia e a alienación humana á que conduce. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VEB6.2.1. Destaca o problema e o perigo que representa para o ser humano a tecnodependencia, sinalando os seus síntomas e as súas causas, e estimando as súas consecuencias negativas, como unha adición incontrolada aos dispositivos electrónicos, aos videoxogos e ás redes sociais, que conduce as persoas cara a unha progresiva deshumanización. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
